

ENTROIDO 2020

Estimadas familias:

O vindeiro **venres 21 de febreiro** celebraremos o Entroido no CEIP A Solaina. Se as condicións meteorolóxicas son favorables **sairemos ás 10:00h** e faremos o pasacalle polo barrio de A Solaina, para que familiares e veciños poidades gozar desta tradición xunto a rapazada. En caso de chuvia cancelarase o pasacalle e a celebración será só para o alumnado no propio centro educativo.



Ademais, durante a **semana do 17 ao 21 de febreiro** festexaremos o Entroido a través do personaxe tradicional galego do MECO. Deste xeito, ao longo da semana enviaremos os mandatos que conducirán á consecución do disfrace, usando roupa e obxectos que teñades por casa, dando liberdade á vosa imaxinación e creatividade. Estes mandatos son acumulativos, é dicir, que o luns traerán a roupa que se designa, o martes traerase a peza de vestimenta que corresponde engadila á do luns, e así sucesivamente día a día ata completar o disfrace. Poñede atención aos primeiros mandatos para o luns:

